



ANEXO C
INFORME DE RESULTADOS
ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

Nº DE PROTOCOLO: 2013 / 56

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE:

Avaliación agronómica de variedades comerciais de especies pratenses

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA/PARTICIPANTE:

(centro de investigación/CFEA/OAC...)

CENTRO DE INVESTIGACIÓN AGRARIAS DE MABEGONDO

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Enderezo: ESTRADA ac-547 DE BETANZOS A MESON DO VENTO, KM 7

Concello: ABEGONDO

Provincia: A CORUÑA

4.- RESPONSABLE: JUAN CASTRO INSUA

Tfno.: 881881801

5.- INTRODUCCIÓN:

Disponibilidade de recursos forraxeiros en cantidade en calidade adecuada ás necesidades do gando son a base da sustentabilidade económica das explotacións de leite, carne de vacún e ovino, nun contexto de mercados cada vez máis competitivos e con maiores esixencias dos consumidores relativas á disponibilidade de alimentos de calidade, seguros e obtidos no marco de procesos produtivos respetuosos co mantemento da calidade das augas dos solos e cun nivel reducido de emisións á atmosfera. Desde esta perspectiva a base forraxeira das explotacións galegas constitúen a súa principal fortaleza e factor de competitividade.

Desde 1978 veñense avaliando no CIAM de forma sistemática variedades comerciais de especies pratenses gramíneas e leguminosas integrantes das pradeiras de longa e media duración. Así, durante aproximadamente 35 anos mantense activa a base de datos de valor agronómico de variedades comerciais, realimentada anualmente cos respectivos resultados das avaliacións que se ían realizando, que alcanzou a máis de 200 variedades de raigrás italiano, 182 de raigrás inglés, 34 de raigrás híbrido, 78 de dactilo, 51 de festuca alta, 54 de trevo violeta, 45 de trevo branco e 47 de alfalfa. O obxectivo evidente era poñer esta información a disposición dos agricultores, técnicos asesores e dos profesionais do sector en xeral, ben a través da edición de material impreso, ven a través da paxina web do CIAM nos últimos todo el acompañado coa atención ás visitas os campos de ensaio.

Os campos de ensaio están localizados en: Mabegondo (A Coruña) a 100 m de altitude, Pobra de Brollón (Lugo) a 400 m de altitude e Marco da Curra (A Coruña) a 650 m de altitude.



6.- MATERIAL E MÉTODOS:

Evaluaronse 22 variedades de raigrás inglés, 25 de raigrás italiano das cales 12 son de raigrás italiano alternativo e 13 de raigrás italiano non alternativo e 13 variedades de raigrás híbrido.

Todas as variedades sementaronse en parcelas con sementeira densa (doses de 1000-1500 sementes/m²), sendo as parcelas de 6,5 m² de superficie (dimensións de 1,3 x 5,0 m), dispostas en bloques o azar con catro repeticións.

Os momentos de corte para determinar rendemento e composición nutricional segueuse unha estratexia de colleitas para conservación da forraxe. Tras un corte de limpeza realizado a final de xaneiro, efectuouse un primeiro corte o inicio do espigado, seguido dun segundo corte ás seis semanas; dun terceiro corte ás seis semanas do anterior que solo se realizou nas variedades máis precoces e un cuarto aproveitamento no outono.

Os cortes realizáronse con motosegadora de barra oscilante, de 80 cm de dimensión, pesando a produción no campo e tomando mostras de aproximadamente 1 kg para determinación de materia seca e composición botánica.

Finalmente o día 26 de setembro realizouse unha xornada de campo para a transferencia de resultados ao sector.

7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Non hay datos de Marco da Curra porque choveu moito na época de sementeira. Polo tanto temos datos de produción de Mabegondo e Puebla de Brollon.

Raigrás italiano alternativo



Variedade	Produción (Tm/h) Mabegondo	Produción (Tm/h) Puebla Brollón
Campivert	16,01	14,99
Promenade	15,77	14,14
Sprint	15,67	13,42
Surrey Nova	14,78	12,74
Torero	15,39	12,34
Vallivert	16,72	14,02
Trinova	16,53	14,83
Braulio	17,09	14,53
Bardelta	15,18	
Barspectra II	15,42	
Barsutra	15,8	
Cipollini	16,71	

C.V. 7,91 11,39
Sign. NS NS

Raigrás inglés

Variedade	Produción (Tm/h) Mabegondo	Produción (Tm/h) Puebla Brollón
Akurat	13,35	12,51
Alcander	15,23	13,44
Arvicola	14,81	11,07
Baremon	12,74	10,59
Miami	18,16	12,50
Foresto	15,58	12,22
Matilde	13,49	13,58
Mezo	13,75	12,45
One 50	18,44	13,49
Prana	13,02	12,55
Probat	13,37	10,85
Barata	14,34	
Barforma	14,27	
Barflip	14,20	
Barmaxima	14,40	
Barnauta	13,87	
Barpasto	13,52	
Claryne	15,89	
Drumbo	15,27	
Dunluce	14,68	
Rosetta	15,05	
Charlene	15,34	

C.V. 11,71 9,54
Sign. *** **

Raigrás italiano non alternativo

Variedade	Produción (Tm/h) Mabegondo	Produción (Tm/h) Puebla Brollón
Barelli	22,03	13,40
Barmultra 2	20,26	14,28
Dorike	20,59	12,88
Inducer	21,91	13,77
Ligrande	21,13	12,02
Locobelo	20,19	13,83
Master	20,25	15,15
Mondota	20,12	14,53
Vertbelo	19,80	13,18
Ralino	19,41	13,54
Bartrento	19,70	
Barultima	21,23	
Barmega	21,62	

C.V.	7,03	7,37
Sign.	NS	*

Raigrás híbrido

Variedade	Produción (Tm/h) Mabegondo	Produción (Tm/h) Puebla Brollón
Banquet II	21,17	13,92
Bastille	22,28	15,20
Citeliac	21,19	11,92
Gosia	20,88	14,19
Bies	21,32	12,99
Rubrido	18,90	12,58
Rusa	22,05	12,69
Aliance	22,94	
Amalgan	20,05	
Belleek	20,29	
Dorella	21,66	
Keurdor	19,40	
Sabella	19,67	
C. V.		
Sign.		

C.V.	7,23	6,61
Sign.	**	***



8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

Como podemos ver nos cuadros de produción no primeiro ano as producións foron muy altas nos diferentes tipos de raigrases.

Nos raigrases italianos tanto no alternativo como no non alternativo non hay diferencias significativas entre variedades pero si entre localidades.

Entre as variedades de raigras inglés si hay diferencias significativas tanto en Mabegondo como en Puebla. O mesmo ocorre no raigras híbrido.

Como todos os anos as producións sempre son mais altas en Mabegondo con clima muy suave que en Puebla que ten un peor clima e un periodo de seca fuerte no vran.

Nas xornadas de transferencia houbo un total de 27 personas asistentes, ós cales se lles comentaron os resultados principais dos ensaios realizados, así como as recomendacións pertinentes.

9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:



27 - Decembro - 2013